

# XUVENTUDE CON INICIATIVA 2013



iniciativa xove



XUNTA DE GALICIA

**A** mocidade ten que ser a principal protagonista do seu desenvolvemento e participar activamente na vida social, económica e cultural. É un deber da Administración proporcionar as canles para que esta participación sexa efectiva de xeito que poidan expresar as súas ideas, opinións e concibir e desenvolver os proxectos que sexan do seu interese.

Un dos nosos obxectivos prioritarios é fomentar a participación da mocidade co propósito de estimular o seu espírito de protagonismo e liderado, a creatividade e o talento xuvenil e, sobre todo, permitir poñer en práctica as súas ideas relacionadas co emprendemento, a empregabilidade, o lecer, a comunicación e as novas tecnoloxías. Preténdese acadar, así mesmo, a igualdade de oportunidades estimulando proxectos nos que participen as mulleres e as persoas con discapacidade.

Coidamos que favorecendo que a xuventude se involucre a través da participación e o asociacionismo, estamos a facilitar experiencias nas que as mozas e mozos van ser os que participen e colaboren nas súas comunidades, desenvolvendo así habilidades sociais, a capacidade de toma de

decisións, o espírito crítico e inconformista, implicando así unha defensa dos seus dereitos e valores democráticos, sociais e solidarios.

A Consellería de Traballo e Benestar, a través da **Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado (DXXeV)**, pretende acadar unha participación social activa e dinámica da xuventude que permita a creación de sinerxías que redunden nunha mellora das súas oportunidades e na súa calidade de vida. Para isto pon en marcha, un ano máis, **Xuventude con iniciativa**.

Xuventude con iniciativa supón unha aposta polo potencial e polas capacidades da nosa mocidade, que se manifestarán, sen dúbida, a través dos proxectos realizados no ámbito do programa **Iniciativa Xove e Voluntariado Xuvenil**.



## iniciativa xove

# QUE É INICIATIVA XOVE?

**É** un programa que se pon en marcha dende a DXXeV, que consiste nunha liña de axudas pensada para que vós, os mozos e mozas, poidades desenvolver ideas que, transformadas en proxectos e iniciativas de interese, poidan reverter na mocidade actual e na nosa sociedade.

Poderedes participar de dous xeitos: a través de grupos informais de mozos/as ou ben dende as asociacións xuvenís e entidades legalmente constituídas.

As actividades serán planificadas e desenvolvidas por vós mesmos/as, fomentando sempre a participación, a axeitada utilización do lecer, a calidade de vida e o benestar, a través de proxectos integrais e específicos de actuación que propoñades.

Estes proxectos irán dirixidos á mocidade da nosa comunidade autónoma e poderanse desenvolver dende o 1 de xaneiro ao 30 de outubro.



## QUEN PODE SOLICITAR ESTAS AXUDAS?

- Os grupos informais de mozos e mozas que queirades desenvolver un proxecto de iniciativa xuvenil e que reunades os requisitos indicados na orde da convocatoria. O grupo terá que estar formado por un mínimo de 5 e un máximo de 10 mozas ou mozos con idades comprendidas entre os 18 e os 30 anos no momento de presentar a solicitude e ademais deberedes de ser residentes na Comunidade Autónoma de Galicia ou, de residir no estranxeiro, ter a última veciñanza administrativa en Galicia.

- As asociacións xuvenís e as entidades que lle presten servizos á xuventude e ás súas respectivas federacións, para o que será necesario que esteades inscritas no censo oficial da DXXeV.



# ÁREAS NAS QUE SE PODEN SOLICITAR

Serán áreas de atención prioritarias para as iniciativas ou proxectos xuvenís nesta convocatoria, as que se enmarquen nos seguintes eidos:

- Emprendemento e empregabilidade.
- Fomento de actitudes creativas, innovadoras, participativas e de liderado da xuventude na súa comunidade e no seu contorno, así como de fomento da accesibilidade de mozos e mozas con discapacidade a actividades culturais e de tempo de lecer.
- Experiencias de educación non formal en distintos campos.
- Creación de espazos para a comunicación e as novas tecnoloxías.
- Participación e a dinamización das mulleres novas galegas para que colaboren activamente na toma de decisións, xestión e execución.





## QUE É SUBVENCIONABLE E QUE NON?

- As actividades realizadas desde o 1 de xaneiro ao 30 de outubro do 2013.
- Os proxectos enmarcados preferentemente dentro das áreas prioritarias referidas no artigo 1.
- Non serán subvencionables os proxectos docentes ou deportivos previstos nos plans regulados de ensino e deporte escolar e federativo.
- Non será subvencionable a adquisición de equipamento e material inventariable, así como os gastos ordinarios de funcionamento que non estean asociados co proxecto subvencionado e recollidos no orzamento de gastos que se reflicte no anexo III.
- Os gastos ordinarios de funcionamento que si estean asociados co proxecto non poderán superar nunca o cinco por cento do orzamento total.
- Nos proxectos que para o seu desenvolvemento indiquen que precisan formación, o importe desta non poderá exceder do 10% do orzamento total do proxecto.

- As actividades desenvolvidas serán de carácter gratuíto para as persoas beneficiarias do proxecto.
- Só se admite un proxecto por solicitante e o orzamento total non pode ser superior a 4.000 €.
- Non poderán ser subvencionados os gastos correspondentes ás retribucións do persoal que teña unha relación laboral dependente das persoas ou entidades beneficiarias , nin honorarios profesionais ou remuneracións de calquera clase das persoas ou entidades impulsoras do proxecto.
- Os gastos de manutención (comidas, consumicións, compra de produtos alimenticios) non poderán superar o 10% do orzamento total do proxecto.
- Non serán subvencionables os proxectos que consistan unicamente na celebración de concertos ou festas.
- Poderase subcontratar a execución da actividade ata unha porcentaxe que non exceda do 50% do proxecto subvencionado.







## COMO SE PODEN SOLICITAR?

- Cubrir e entregar o anexo I, e engadir a documentación necesaria que se indica na orde.
- Presentar a documentación preferentemente a través da sede electrónica da Xunta de Galicia no enderezo: <https://sede.xunta.es>. Alternativamente, tamén se poderá entregar en papel nun rexistro oficial ou correos.
- O prazo de presentación será dun mes desde a súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

## CONCESIÓN DAS AXUDAS

- Para ter acceso á axuda é preciso obter un mínimo de 50 puntos na avaliación técnica dos proxectos.
- A concesión das axudas farase seguindo a orde de prelación pola puntuación obtida, ata esgotar o crédito correspondente en cada caso. Unha vez distribuído e esgotado o crédito, aqueles proxectos que quedasen fóra e acadasen un mínimo de 50 puntos entrarán nunha lista de reserva, por se se produce algunha renuncia.



# XUSTIFICACIÓN DAS AXUDAS

- Cando se vos notifica a resolución, teredes un prazo de dez días hábiles para facer unha aceptación expresa e para solicitar un anticipo, para o que deberedes enviar o anexo V á DXXeV. Nese mesmo prazo tamén poderedes renunciar á axuda. Se non renunciades, entenderase que a aceptades de xeito tácito

- Teredes ata o 31 de outubro do 2013 para xustificar o 100% do proxecto, na forma que se indica na orde.
- Admítense pagamentos con tarxeta de débito/crédito, se está asociada á conta da entidade ou, no caso dos grupos informais, se a titularidade é dalgunha das persoas integrantes deste. En ningún outro caso se admitirán pagamentos mediante tarxeta.
- Se cando xustificades os gastos o importe é inferior ao orzamento inicial, a contía da axuda será minorada na mesma porcentaxe.
- É imprescindible achegar memoria económica final na que se explique a vinculación de cada gasto executado co proxecto subvencionado.





**voluntariado  
xuvenil**

## QUE É?

**A**DXXeV continuará en 2013 co denominado Servizo de Voluntariado Xuvenil, posto en marcha en 2011, e que consiste en incorporar ás entidades de acción voluntaria e ás entidades locais que estean inscritas no Rexistro de Acción Voluntaria de Galicia a mozos e mozas galegos de entre 16 e 30 anos para a súa colaboración como voluntarios/as na realización de proxectos de voluntariado a executar polas ditas entidades.

Os proxectos de voluntariado que se realicen ao abeiro deste programa deberán desenvolverse dentro dalgunha das áreas de actuación establecidas no Plan galego de acción voluntaria 2011-2014, desde o 1 de xaneiro ata o 15 de outubro de 2013.

## QUEN PODE SOLICITAR ESTAS AXUDAS?

As entidades de acción voluntaria e as entidades locais que estean legalmente constituídas e inscritas no Rexistro de Acción Voluntaria na data de publicación da orde no Diario Oficial de Galicia.

As axudas tamén poderán ser solicitadas por máis dunha entidade local conxuntamente baixo calquera fórmula (agrupación, asociación, mancomunidade, ou calquera outra similar...). Tamén poderán solicitar axudas as entidades locais que sexan resultado dunha fusión doutras anteriores.

# ÁREAS NAS QUE SE PODEN SOLICITAR

Serán áreas de atención prioritarias pero non excluíntes para os proxectos de voluntariado enmarcados no programa Servizo de Voluntariado Xuvenil as seguintes:

- Actividades relacionadas co Camiño de Santiago.
- Actividades de recuperación da cultura/ arte/tradicións populares galegas.
- Actividades co colectivos en situación de risco.



- Actividades xuvenís.
- Actividades ambientais.
- Actividades relacionadas coa igualdade de xénero.

# QUE É SUBVENCIONABLE E QUE NON?

- As actividades realizadas dende o 1 de xaneiro ata o 15 de outubro de 2013.
- Os proxectos enmarcados preferentemente dentro das áreas anteriormente citadas.
- Os proxectos de voluntariado subvencionables deberán ser executados por mozos e mozas galegos de entre os 16 e os 30 anos.

- Os proxectos de acción voluntaria subvencionables deberán ter unha duración comprendida entre os 15 e os 60 días.
- Non se subvencionarán máis de oito persoas por proxecto, que deberán manter a súa acción voluntaria durante toda a duración deste. En caso se solicitudes presentadas por varias entidades locais conxuntamente poderanse subvencionar ata un máximo de 16 persoas voluntarias.
- Nos proxectos deberase facer constar o nome das persoas voluntarias que os van realizar así como o número de días que van empregar, de un mínimo de 15 a un máximo de 60 días.
- Serán conceptos subvencionables os gastos realizados polas persoas voluntarias no desenvolvemento das súas accións voluntarias, a razón de 10 euros por voluntario/a e día, dos cales 6 euros se destinarán á persoa voluntaria para cubrir os custos de desprazamento e mantención, mestres que os 2 euros restantes serán para a entidade, co fin de lle satisfacer os gastos do seguros de accidentes e responsabilidade civil das persoas voluntarias e os gastos correntes que se deriven das actividades de voluntariado realizadas e recollidas no proxecto presentado.
- Nos proxectos deberase calcular o importe solicitado, tendo en conta o número de persoas voluntarias e os días que estes desenvolverán a súa acción voluntaria, de acordo coas cifras do punto anterior.





## COMO SE PODEN SOLICITAR?

- Cubrir e entregar o anexo I e engadir a documentación necesaria que se indica na orde.
- Presentar a documentación nun rexistro oficial.
- O prazo de presentación será dun mes desde a publicación da orde no *Diario Oficial de Galicia*.

## CONCESIÓN DAS AXUDAS

- Para ter acceso á axuda é preciso obter un mínimo de 50 puntos na avaliación técnica dos proxectos.
- A concesión das axudas farase seguindo a orde de prelación pola puntuación obtida, ata esgotar o crédito correspondente en cada caso. Unha vez distribuído e esgotado o crédito, aquelas solicitudes que non obtivesen axuda, aínda que teñan cincuenta ou máis puntos, entrarán nunha lista de reserva, por se algunha das concedidas renuncian.

# XUSTIFICACIÓN DAS AXUDAS

- Unha vez notificada a resolución de subvención ábrese o prazo de dez días hábiles para a súa aceptación expresa, que se converterá en tácita se transcorrido o dito prazo non houbera tal manifestación expresa.
- O prazo para xustificar a totalidade do proxecto remata o 20 de outubro de 2013.
- Para a xustificación da axuda concedida é preciso cubrir os correspondentes anexos da orde.
- Os gastos xerados polas persoas voluntarias no desenvolvemento das súas accións xustifícanse pola entidade mediante a presentación dos correspondentes xustificantes de ingresos bancarios, así como a totalidade dos gastos, que irán acompañados de cadanseu xustificante de ingreso bancario.
- En caso de que o gasto xustificado sexa inferior ao orzamento total do proxecto presentado coa solicitude, a contía da axuda será minorada na mesma porcentaxe.





# galicia

## **INICIATIVA XOVE**

Teléfonos: 981 544 866 / 981 957 057

Enderezo electrónico:

[institutoxuventude.ctb@xunta.es](mailto:institutoxuventude.ctb@xunta.es)

## **VOLUNTARIADO XUVENIL:**

Teléfonos: 981 957 915 / 981 957 914

Enderezo electrónico:

[voluntariado@xunta.es](mailto:voluntariado@xunta.es)



**XUNTA  
DE GALICIA**